

Manuel Rodrigues Lapa

RAMÓN LORENZO

No presente ano de 1989 morreu en Anadía Manuel Rodrigues Lapa, unha das figuras máis importantes que produciu a cultura portuguesa. Ó longo de máis de 50 anos, desde o seu primeiro traballo en 1921, Lapa deixounos unha inmensa cantidade de publicacións entre libros, artigos, notas e recensións críticas, con contribucións de moi diversa índole: desde edicións de textos medievais, clásicos ou románticos a traballos de investigación sobre literatura e estilística ou a traballos polémicos en que toma posición sobre o galego.

Lapa naceu en Anadía (N. de Coímbra) en 1897, estudiando na Facultade de Letras de Lisboa, onde se licenciou e doutorou. Tras unha breve estancia como profesor de Instituto en Guimarães, pasou á Facultade de Letras de Lisboa en 1928 como profesor contratado e nela permaneceu nun primeiro período ata 1933, ano no que se ve privado do posto de traballo debido ás críticas efectuadas nunha conferencia. Volto outra vez á Facultade por concurso, ten que abandonar definitivamente a carreira universitaria en 1935, expulsado da Universidade polas autoridades fascistas de Salazar.

Non volveu á Universidade en Portugal e desta maneira miles de universitarios portugueses víronse privados de seguir directamente as leccións dun investigador de primeira fila, dotado de grandes cualidades pedagóxicas e dunha formación profunda e sempre actual, tendo que se conformar con coñecer as súas ideas a través dos libros e dos artigos. Só ocasionalmente puido dar clases en varias universidades brasileiras entre 1957 e 1962, aínda que tamén nesta ocasión tivo que deixar a Universidade e o país por críticas ó sistema universitario brasileiro.

Lapa, desde un principio, colaborou na *Revista Lusitana*, a importante revista portuguesa que dirixía o seu mestre Leite de Vasconcelos, e foi cofundador e director moi eficiente do prestixioso *Centro de Estudos Filolóxicos da Junta de Educação Nacional* (o hoxe chamado *Centro de Linguística da Universidade de Lisboa*), no que traballou arreo, publicando varios libros nesta institución e escribindo numerosos traballos no *Boletim de Filologia*, revista que publica esta entidade desde 1932.

O labor investigador de Lapa xira sobre varios aspectos da cultura portuguesa, pero destaca fundamentalmente polos estudos da literatura e da lingua medieval, que seguen sendo actuais e serviron ou serven de consulta obrigatoria para tódolos estudiosos daquela época. Dentro deste tipo de estudos debemos empezar por destaca-la súa tese de doutoramento, publicada en 1929 co título *Das orixens da poesía lírica em Portugal na Idade-Média*, obra moi documentada na que se discuten as distintas teorías sobre as orixes da lírica medieval: a teoría arábica, a teoría de Jeanroy e G. Paris e a suposta supremacía da lírica francesa, a tese dos medio-latinistas e as orixes litúrxicas. Dominador dunha abundante bibliografía, Lapa rebate moitas destas teorías, con forza e paixón, considerando que a lírica portuguesa medieval na súa expresión máis lograda é autóctona e non importada. Completa o libro un estudio da época de transición do latín ó romance, o lirismo pretrovadoresco, os axentes creadores, o ambiente social, o paralelismo, a versificación e os temas iniciais.

Complemento deste libro constitúeno as *Lições de Literatura Portuguesa: época medieval*, que publica por primeira vez no *Centro de Estudos Filológicos* en 1934 e que foi reformando en edicións sucesivas (a décima é de 1981), pasando das 341 pp. da primeira ás 503 da última. Este libro inclúe a parte máis importante do libro anterior sobre as orixes, acrecentándoa con novos aspectos sobre a cultura e poesía trovadoresca (estudio dos xéneros, a métrica e a lingua), e xa unha parte nova consagrada á materia de Bretaña, ós cronicóns e nobiliarios, ós últimos trovadores, a D. Duarte e a prosa didáctica, a Fernão Lopes e os cronistas e ó *Cancioneiro* de Resende. Desta maneira o libro representa unha importante aportación ó estudio da literatura medieval e de consulta obrigada, o que indica a grande cantidade de edicións publicadas ó longo dos anos.

A faceta dos temas medievais complétase cunha serie de artigos e edicións críticas de textos. Así, podemos citar "O texto das cantigas d'amigo" (*A Língua Portuguesa* I, 1929-1930, 13-21, 56-66, 77-85, 105-112), que é unha crítica da edición de J. J. Nunes; "A 'Demanda do Santo Graal': prioridade do texto português" (íd. 266-279, 305-316), "Em torno da 'Demanda do Santo Graal': reparos a uma crítica" (íd. II, 1930-1931, 109-116), "Misticismo e heresia nos trovadores galego-portugueses" (*Seara Nova*, núm. 188, 1929, 307-310), "Cajon ou ocajon?" (*RL* XXVIII, 1930, 297-298), "Uma cantiga de D. Denis (C.V. 208, C.B.N. 605): interpretação e fontes literárias" (París 1930), "Froissart e Fernão Lopes" (Lisboa 1930), "As orixens líricas: estado actual do problema. I. A tese arábica" (*BF* I, 1932-1933, 8-32), "O escudeiro Joan de Gaia" (íd. II, 1933-34, 69-70, 288), "O significado da cultura trovadoresca" (íd. 31-47) e "Estética da velha cantiga d'amor" (*Seara Nova*, n. 366, 1933, 83-85).

Tras unha pausa de varios anos volveu a retoma-lo tema trovadoresco e escribiu "Sobre a cantiga da garvaia" (*CuEG* VII, 1952, 169-186), "Post-scriptum sobre a cantiga da garvaia" (íd. VIII, 1953, 135-142), "Nótulas trovadorescas: I. Três cantigas de Gil Perez Conde" (íd. IX, 1954, 5-14), "Das orixens da poesía lírica

medieval portuguesa" (*Actas do Congresso Int. Paulista de Escritores*. São Paulo 1954, 3-10), "O problema das orixes líricas" (*Anhembi*, S. Paulo, n. 58, 1955, 21-31; n. 59, 1955, 243-262), "As 'jarchas' e as orixes da lírica portuguesa" (*Grial* 7, 1965, 92-95), "O trovador D. Lopo Lias: introdução ao estudo do seu Cancioneiro" (íd. 12, 1966, 129-148), "Subsídios para o esclarecimento duma baralhada histórica: o caso de Castela e de Orcellón" (íd. 16, 1967, 185-190) e "A cuestión do 'Amadis de Gaula' no contexto peninsular" (íd. 27, 1970, 14-18). Os máis importantes de todos estes artigos, xuntamente con algunhas recensións críticas e varios capítulos do seu primeiro libro sobre *Das orixes*, foron recollidos na *Miscelânea de lingua e literatura portuguesa medieval* (Río de Xaneiro, 1965), reeditada con algúns cambios en Coímbra en 1982.

Completan esta serie de estudos medievais as edicións críticas de varios textos. O primeiro foi o *Livro de Falcoaria* de Pero Menino, publicado con introducción, notas e glosario (Lisboa, CEF, 1931), seguido dos "Livros de Falcoaria" (BF I, 1932-1933, 199-234), das *Cantigas de Santa Maria* de Afonso X (Lisboa, CEF, 1933), edición de 34 cantigas con introducción e glosario, e de "A *Vida e Feitos de Julio César*" (BF II, 1933-1934, 207-223, 315-328; III, 1934-1935, 59-76, 207-217, 350-366; IV, 1936, 92-108, 341-357), edición crítica en colaboración con J.-B. Aquarone. Anos despois sairá unha das obras máis importantes do autor portugués: o libro *Cantigas d'escarnho e de mal dizer dos Cancioneiros medievais galego-portugueses* (Vigo, Galaxia, 1965), con glosario, reeditado con revisión e acrecentamentos en 1970. Este libro representa un esforzo importantísimo, no que Lapa tentou facer unha edición crítica completa de toda a poesía deste xénero, tentativa que se facía por primeira no seu conxunto con criterios filolóxicos serios e que ten grandes acertos, sabendo como é moi difícil reconstruír ás veces umhas copias tan deterioradas.

A situación na que se encontrou despois da expulsión da Universidade levou a Lapa a seguir un camiño diferente no seu labor científico, pasando a publicar unha serie de edicións críticas ou de carácter escolar para as coleccións de Sá da Costa e Seara Nova, textos que comprenden edicións, totais ou parciais, de autores clásicos, románticos ou da última parte do século XV. Unha primeira mostra desta faceta de Lapa témola xa antes deste período, como na edición das *Cartas de Italia* de Lopo de Almeida (Lisboa, CEF, 1935) e na *Lírica de Camões: florilégio* (Lisboa, Gleba, 1935). Para os *Clásicos Sá da Costa* preparou edicións críticas importantes, como *Obras completas* de F. Sá de Miranda (1937, 4ª ed. 1976), *O soldado práctico* de Diogo do Couto (1937, 3ª ed. 1980), *Anais de D. João III* de Frei Luís de Sousa (1938, 2ª ed. 1951-1954), os *Panegíricos: Panegíricos de D. João III e da Infanta D. Maria* de João de Barros (1937, 2ª ed. 1943) e *Marília de Dirceu e mais poesias* de Tomás António Gonzaga (1937, 3ª ed. 1982). Tamén unha selección, con prefacio e notas, das *Cartas familiares* de Francisco Manuel de Melo (1937, 2ª ed. 1942) e as *Cartas espirituais* de Frei António das Chagas (1939, 2ª ed. 1957). Máis tarde publicou en São Paulo, en edición crítica, as *Obras*

completas de Tomás António Gonzaga (1942, con nova edición en Río de Xaneiro, 1957), dedicándolle un estudio importante ó autor no libro *As 'Cartas Chilenas': um problema histórico e filolóxico* (Río de Xaneiro, INL, 1958). Da época brasileira tamén é o libro *Vida e obra de Alvarenga Peixoto* (Río de Xaneiro, INL, 1960).

Na colección de Seara Nova trátase, en xeral, de escolmas seleccionadas de obras con fin máis ou menos divulgador e escolar, se ben adoptando sempre un criterio filolóxico serio. En total son máis de 20 obras diferentes, que van desde unha *Crestomatia arcaica* (1940, 4ª ed. 1976) a *Poetas do século XVIII: arcades e preromânticos* (1941, 3ª ed. 1967), pasando por textos coma *Quadros da Crónica de D. João I* de Fernão Lopes (1937, con numerosísimas edicións), *As melhores poesias do Cancioneiro de Resende* (1939, 4ª ed. 1973), *Peregrinação* de F. Mendes Pinto (1946, 7ª ed. 1983), etc., etc. Entre elas está a edición do *Crisfal* de C. Falcão (1943, 3ª ed. 1978) e a edición crítica de *Frei Luiz de Sousa* de Almeida Garrett (1943). Estas numerosas edicións complétanse cun bo número de artigos científicos ou divulgatorios, nos que dá información sobre autores portugueses e brasileiros.

Outra faceta importante de Lapa foi a dedicación ó estudio da Estilística do portugués, que levou a cabo no seu libro *Estilística da Língua Portuguesa*, publicado en Lisboa, en Seara Nova, en 1945. Este libro, que tivo unha enorme fortuna editorial, foi editado despois no Río de Xaneiro en 1959, 1965, 1968 e 1973, a 6ª edición saíu en Lisboa (1973) e a partir da 8ª (1975) en Coímbra. A última edición do autor foi de 1984. A *Estilística* de Lapa é un libro de consulta obrigada para tódolos universitarios que se ocupan do portugués. Para ela inspirouse na concepción de Charles Bally e da escola idealista (especialmente en Amado Alonso e Leo Spitzer), facendo un estudio maxistral dos medios de expresión do portugués, que comprende as consideracións do estilo desde o vocabulario portugués ás palabras invariables, pasando pola fraseoloxía, a forma das palabras, o artigo e os nomes, os pronomes, o verbo e a concordancia.

A esta boa morea de traballos habería que engadir artigos e notas de diversa índole (de carácter literario, pedagóxico, etc.), libros en colaboración sobre temas franceses, as numerosísimas recensións de libros que publicou desde 1923 a 1967 e os artigos recollidos no libro *As minhas razões: memórias de um idealista que quis endireitar o mundo* (Coímbra, 1983), no que recolleu unha serie de artigos publicados desde 1930 a 1978. Neles fala da política do idioma e as universidades, sobre a esencia do clasicismo, en prol da democracia, a reforma do ensino, consideracións sobre a violencia, etc. Un artigo destacado é "O ensino da literatura portuguesa no Brasil: considerações à margem de um concurso em Belo Horizonte" (pp. 133-147, do 1962), que lle causou a inimidade cos lingüistas brasileiros que o invitaran como profesor visitante.

Finalmente cómpre referirse á súa vinculación con Galicia. Lapa foi un grande coñecedor da cultura galega e durante moitos anos converteuse no seu

grande valedor en Portugal ou no Brasil, publicando artigos e informacións desde moi cedo, como "Castelao e a Galiza" (*Seara Nova*, n. 309, 1932, 327-330), Centenario de Pondal" (íd. n. 425, 1935, 259-260), "Um grande problema ao pé da porta: a autonomia da Galiza" (*O Diabo*, Lisboa, n. 97, 3 de maio de 1936), ou máis tarde "Galiza e Portugal: aspectos da cultura galega" (*Anhembi*, São Paulo, n. 60, 1955, 490-505) e "A obra mais urgente da galeguidade: o Dicionário da Língua" (*Galicia*, Buenos Aires, n. 466, 1952, 17-19). Este interese polo galego e por Galicia levouno a publicar na Ed. Galaxia de Vigo as súas *Cantigas d'escarnho e de mal dizer*, que leva a dedicatoria en galego "À Galiza de sempre, raiz anterga da nosa cultura, adico afervoadamente iste libro". Curiosamente, nos últimos anos da súa vida, despois de se-lo grande defensor do galego, cambiou radicalmente de postura e, coa súa teimosía característica, comezou a escribir artigos en contra do galego, nos que indica que o galego non existe e que a lingua literaria do galego é o portugués, polo que nós deberíamos deixar de escribir en galego e facelo en portugués. Esta postura comezouna a mostrar no artigo "A recuperação literária do galego" (de 1973) e continuou con ela en artigos sucesivos, todos eles recollidos no libro *Estudos galego-portugueses: por uma Galiza renovada* (Lisboa, Sá da Costa, 1979). É a parte máis fraca da estensa produción de Lapa e, desde a perspectiva de Galicia, un feito lamentable.

Polo seu inxente labor científico e pola categoría dalgunhas das súas publicacións, Manuel Rodrigues Lapa quedará por moito tempo como unha das figuras máis importantes da filoloxía románica.